

Resumo da reunión mantida coa xerencia o día 27 de maio de 2009

Firma do Convenio Colectivo:

- A preceptiva aprobación do Convenio Colectivo por parte do Consello Social vai dentro da orde do día da vindeira xuntanza do día 04/06/09. A posterior sinatura do Convenio farase tan pronto como sexa posible.
- Acordouse a publicación do novo Convenio Colectivo de xeito que se poda distribuir un exemplar para cada traballador.

Logo das suxerencias feitas nas asembleas, acórdase coa Universidade as modificacións dos aspectos seguintes do Convenio:

- **Categorías:**
 - Arquitecto - xefe do servizo, aparecerá nas táboas salariais coa homologación a Técnico superior coordinador de área.
 - Técnico superior en mantementos: aparecerá na táboa salarial.
- **Artigo 12**, Cambiase a redacción para que as traballadoras embarazadas non aparezan baixo o epígrafe de 'discapacitados'.
- **Artigo 33**, queda determinado que afecta exclusivamente aos condutores.
- **Artigo 40**, vacacións, engádese ao remate o parágrafo:

“En caso de baixa por maternidade, cando a situación coincida co período de vacacións, esta quedará interrompida e poderase beneficiar dela cando rematar o permiso por maternidade”.
- **Artigo 42**, retírase a referencia 'funcionario' ao ... “pai funcionario”.
- **Artigo 43**, retíranse as referencias a parágrafos explícitos da Lei de Prevención de Riscos Laborais, quedando como segue:

“f) No suposto de risco durante o embarazo, nos termos previstos no artigo 26 da Lei de Prevención de Riscos Laborais”

Cambios de quenda por necesidades do servizo

Reclámase a notificación preceptiva ao Comité de Empresa. A xerencia indica que non pode enviar algo do que non ten constancia. Indícaselle que nos comunicamos cos/as traballadores/as para que se requira a notificación pertinente cousa que poñería de manifesto as necesidades de persoal.

Temarios, oposicións e cursos

Nos vindeiros días a xerencia pasará proxecto de convocatoria de probas para prazas de conserxaría e informática (as máis numerosas), procedéndose a negociar os temarios destas áreas e os cursos de formación correspondentes.

De publicarse algunha convocatoria de oposición no DOGA en xullo levará incluída expresamente a consideración do mes de agosto como inhábil, a efectos de cómputo do prazo para inscribirse, de forma que o prazo de inscrición remataría en setembro.

RPT

A xerencia precisa un tempo para elaborar un novo proxecto de RPT, xa que debe volver a poñerse en contacto cos centros e servizos. Calcula que a mediados de xullo poderán dispoñer dun proxecto de RPT para comezar a negociación.

Proliferación de bolsas en postos de PAS

A xerencia entende que, logo da aprobación de un novo regulamento de bolsas, a situación é cualitativamente moi distinta.

Fronte a esta opinión nós expoñemos que as convocatorias son, en esencia, idénticas ás realizadas antes do regulamento e, no seu día, denunciadas diante de Inspección de Traballo que ditaminou que son postos propios do persoal laboral.

A xerencia desvincúlase destas convocatorias indicando que ningunha desas bolsas está en postos dependentes da xerencia.

Solicitamos, a través da xerencia, unha reunión co Reitor para aclarar este punto.

De non prosperar esta reunión, poderíase denunciar a través de Conflito Colectivo.

Contratos tipo Labora

A xerencia entende que, sendo postos ocupados sen custo algún para a Universidade, de ningún xeito desaparecerán.

Explicitamos a alternativa do Comité indicando que reclamaremos na RPT a súa creación como postos estables.

Situación do Servizo de Informática e Comunicacions

Reclamamos que se nos indique cales son as responsabilidades que asume o Adxunto á Vicerreitoría (asina todos os documentos, e realiza todas as funcións do Director do Servizo, sen nomeamento para o cargo).

Reclámamos, diante da continua mobilidade do persoal, a estabilidade nos postos de traballo sen que, en función das ocorrencias do que dirixe o servizo, haxa unha mobilidade permanente.

Reclámamos o cumprimento do acordo entre a Universidade e Sindicatos segundo o que se constituían 8 áreas e se nomeaban 8 técnicos superiores coordinadores das mesmas.

Reclámamos a negociación entre a xerencia e Comité como xeito de estudo dos cambios que se consideren necesarios nos servizos, este contacto deberíase realizar antes de que se proceda á realización dos mesmos.

Manifestámonos en contra da continuidade da privatización do servizo de reparación do equipos (en mans da empresa Plexus, que continua a labor desenvolvida por IVM) reclamando na vindeira RPT a súa desprivatización.

Reclamamos que, mentres non se produza a desprivatización, o contacto con esta empresa se estableza a través da Coordinadora de Área impedindo que calquera persoa poida realizar a chamada para realizar a reparación que se precise.

Dependencia orgánica das conserxarías

Queda claro que o persoal das conserxarías depende do Conserxe que se ocupará de regular tanto o funcionamento da área como o control dos permisos, vacacións, etc.

O Conserxe depende directamente do Decano ou Director do centro.

Bicicletas nos centros

Segundo se nos comunicou por parte de algúns traballadores, hai interese nalgún centro en que se leve o control de préstamo destes vehículos por parte das conserxerías.

A xerencia di descoñecer absolutamente este asunto, co cal queda absolutamente descartado o seu control.

Compañeiro de laboratorio da ETS Ferrol

Púxose en contacto connosco para reclamar que na nómina se lle recoñeza o posto de Técnico especialista de laboratorio (grupo 3) posto que aparece como do grupo 4.

A xerencia indica que este traballador gañou en sentenza a equiparación salarial, mais non a pertenza ao grupo 3.

Insistimos na nosa percepción en contra desta opinión quedando en ser revisada.

Quedan pendentes de tratar en vindeiras reunións:

- Privatización da información sobre o Plan Boloña (estamos á espera dunha reunión coa Xunta de Persoal para ver si é posible unha desposta conxunta)
- Horas extraordinarias
- Cursos de formación (vinculación ao campus)
- Trienios interinos (outras administracións)